



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No pasado ano o Consello da Xunta aprobou a modificación da normativa que regula a primeira venda e a comercialización dos recursos mariños en fresco.

Co novo decreto remátase a obrigatoriedade da poxa á baixa como sistema de primeira venda.

A actuación do Goberno galego estaba dirixida a responder a unha demanda do sector pesqueiro e marisqueiro co obxecto de facerlle fronte aos problemas de prezos nos procesos de comercialización.

Dende hai tempo, os Socialistas galegos compartimos co sector pesqueiro e marisqueiro a necesidade de que o valor que chegan a acadar os recursos mariños no mercado poida repercutir nos mariñeiros e mariscadores.


Por todo o exposto anteriormente, o deputado que asina, formula as seguintes preguntas:

Cal é a avaliación feita pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos trala modificación da citada normativa e a súa incidencia no sector?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

..... **José Manuel Lage Tuñas na data 15/02/2007 11:05:36**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....